

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DE TUREXPO GALICIA 2016, V EDICIÓN DO SALÓN TURÍSTICO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013, do 21 de febreiro, e conforme ás facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, _____, Vicepresidente da Xunta de Galicia e Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando no seu nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia (en adiante, a Fundación), con NIF G36155208, na súa condición de Presidente do Padroado en virtude da atribución que lle outorga o artigo 13 dos seus estatutos de constitución.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo: A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

En consonancia con estes obxectivos institucionais, dita Fundación é impulsora da organización e celebración da feira profesional relativa ao fomento do sector turístico galego denominada Turexpo Galicia. Esta feira ten por obxectivo poñer en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial.

Esta V edición do Salón Turístico de Galicia, *TUREXPO GALICIA 2016*, proxéctase seguindo a súa formulación inicial como unha ferramenta de promoción da industria turística da comunidade autónoma galega e como unha plataforma de comercialización internacional da súa oferta. Ademais nesta convocatoria búscase a súa potenciación como espazo de converxencia do sector.

Terceiro.- Que no BOE núm. 139 do 11 de xuño de 2012 publicouse a Resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do 22 de maio de 2012 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, pola que se publica o Convenio específico coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

Na cláusula cuarta establécense os compromisos da comunidade autónoma regulando no apartado quinto as obrigas desta no caso de subscrición de convenios de colaboración.

No anexo I relativo ás *accións dos plans da zona a executar no marco do convenio*, recóllense as *accións no Plan de Zona Pontevedra Norte a executar de forma concertada e cofinanciada pola Administración Xeral do Estado*.

Na no seu eixe 1 “Actividade económica e emprego” figura a actuación 1.20.CA 2, “Promoción do turismo rural”, na que se establece a inversión real en promoción de TUREXPO.

Cuarto: Que a Axencia Turismo de Galicia entende que é de interese público para o turismo de Galicia, a participación nesta feira profesional e encontros internacionais de negocio, en orde a promoción nacional e internacional da oferta turística galega e para o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade Autónoma como receptores dun turismo fundando na estratexia da calidade.

Quinto: Que a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación consideran necesaria a celebración dun convenio de colaboración para a realización da feira profesional Turexpo Galicia 2016 V Salón Turístico de Galicia, e dos encontros programados na mesma, para o fomento e promoción turística de Galicia.

Sexto: Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A 743.0 “Transferencias a Fundacións públicas”, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e celebración da feira

profesional *TUREXPO GALICIA 2016* V Salón Turístico de Galicia, que nesta edición se levará a cabo mediante tres actuacións independentes, que terán lugar en distintos momentos do ano, e que conxuntamente permitirán unha maior promoción do sector turístico galego e unha optimización dos recursos económicos aplicados a este fin, e que son:

Primeira actuación: Área de negocio, cunha Bolsa de Contratación Turística, e exposición comercial de produtos e servizos da industria turística.

A Bolsa de Contratación Turística é un foro organizado para propiciar o intercambio de información e negocio sobre produtos e servizos turísticos entre profesionais do sector.

O seu principal obxectivo é o de poñer en contacto a oferta turística galega (maioristas de receptivo, axencias de viaxe, cadeas hoteleiras, institucións ou colectivos que oferten paquetes turísticos, servizos turísticos, OPC's,...) con turoperadores e maioristas de turismo emisor internacionais, de maneira que este programa sirva para promover Galicia como destino turístico recoñecido a escala internacional.

Tamén pretende atraer a turoperadores e maioristas de viaxes especializados para que teñan a oportunidade de coñecer de primeira man a extensa oferta turística de Galicia y realizar un primeiro contacto directo coas empresas do sector.

Está programada unha participación aproximada de 20 turoperadores estranxeiros e nacionais. As reunións de traballo levaríanse a cabo en horario de 09:30 h a 13:00 h e de 16:00 h a 19:00 h, con encontros axendados cada 20 minutos. A organización das axendas organizaríanse en función dos intereses de ambas partes con respecto o tipo de produto presentado. Os turoperadores indicarán na ficha previa de inscrición os produtos e servizos de interese. E a oferta participante tamén indicará na ficha previa de inscrición o su perfil profesional, os seus mercados preferentes e o descrición dos produtos e servizos turísticos ofertados. Farase un cruce de datos que configurará as axendas definitivas que serán remitidas a tódolos participantes.

Para esta edición contemplase a posibilidade de celebrarse coincidindo coa Feira Internacional Semana Verde de Galicia, o que posibilitaría unha maior vinculación directa co entorno.

De forma complementaria a Bolsa de Contratación Turística, organizarase unha pequena área de exposición, centrada para esta edición nos catorce Xeodestinos que ten Galicia, para poder mostrar os participantes todos os recursos turísticos naturais, patrimoniais, culturais e gastronómicos que ofrece a Comunidade Galega.

A relevancia, prestixio e repercusión nacional e internacional que tradicionalmente acadan as accións da Fundación, os contratos e negocios económicos que pode derivarse da Bolsa de Contratación xunto coa capacidade para captar demanda turística de Galicia que presenta o devandito foro negocial, a organización en exclusiva do evento pola Fundación, por unha parte motivan a implicación da Axencia Turismo de Galicia na celebración da feira profesional Turexpo Galicia 2016 e por outra parte son causas que implican a imposibilidade de promover a concorrència.

Segunda actuación: Feira das Festas de Interese Turístico Festur.

Posicionada como o maior certame multisectorial de mostras e ocio do noroeste peninsular, a Feira Internacional Semana Verde de Galicia deseña para a súa 39ª edición do ano 2016 unha proposta que revalidará a súa condición de referente feiral. Así, incorporará novos contidos que reforzarán o seu atractivo para o público e o mesmo tempo permitirá a novos sectores, colectivos ou entidades formar parte dun espazo no que a promoción está garantida tanto pola súa magnífica afluencia, máis de 100.000 persoas cada ano, como pola súa repercusión mediática.

Para esta edición, a Fundación ten programada a celebración da III Feira das Festas de Interese Turístico Festur, que constituirá un atractivo escaparate das celebracións galegas recoñecidas como de “Interese Turístico”.

Festur quere ser un espazo pensado para potenciar a difusión destas mostras culturais e gastronómicas a través do gozo do público asistente a Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

Galicia destaca polo seu importante número de Festas de Interese Turístico, mais de cen, que nos posicionan como unha rexión con especial atractivo dende o punto de vista do turismo, tanto para visitantes doutras comunidades como para os propios galegos.

Esta potencialidade de Galicia unida o carácter comercial e lúdico da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, converten a Feira das Festas de Galicia Festur nunha excelente oportunidade para que estas celebracións destacadas pola súa antigüidade, arraigo popular e orixinalidade, se dean a coñecer a sociedade galega e a demanda interna do turismo.

Trátase de crear, un ano máis, un espazo diferenciado dentro da 39ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia que outorgue notoriedade a esta feira Festur e permita convertela nunha proposta con peso propio y contido específico dentro do certame. Proponse facilitar a cada Festa de Interese Turístico un espazo habilitado un stand individual, que lle permita á delegación participante mostrar tódolos atractivos da súa Festa, e explicar os asistentes e visitantes as súas características e particularidades, servindo como plataforma de promoción directa.

Terceira actuación: Cursos formativos para PEMES Turísticas.

No ano 2012, a Fundación Semana Verde de Galicia organizou coa colaboración da Secretaria Xeral de Turismo os primeiros cursos de formación para as pemes turísticas galegas. De cara o vindeiro 2016, a Fundación pretende volver a organizar un novo paquete de cursos orientados as pemes turísticas galegas, coa idea de dotar os seus participantes dos coñecementos e habilidades necesarias para comercializar e promocionar eficazmente as súas empresas a través dos canles propios del sector.

O obxecto da colaboración da Fundación e da Axencia de Turismo de Galicia e a de colaborar na organización e realización dun proxecto formativo de preparación turística dirixido ás pemes turísticas galegas centrado na preparación das ditas pemes para a asistencia e aproveitamento das bolsas internacionais de contratación, co fin de promover o desenvolvemento económico sectorial e reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral.

A finalidade última perseguida é a difusión e promoción dos recursos turísticos de Galicia, procurando en relación aos mesmos unha oferta competitiva e diferenciada fundada na excelencia, coa aplicación a tales efectos de ferramentas de xestión que faciliten a innovación, a produtividade e a calidade.

E por isto que interesa a acción concreta da mellora da cualificación profesional dos sectores turísticos ou que inciden no turismo dotando aos participantes nesta acción formativa dos coñecementos e habilidades necesarias para comercializar as súas empresas a través dos canais propios do sector, como as bolsas internacionais de contratación e con isto potenciar o sector turístico galego e abrirlo aos principais mercados emisores de turismo a Galicia, reforzando a esta como destino cuns produtos competitivos e diferenciados.

Para a impartición destes cursos, a Fundación contará con profesores expertos coñecedores do sector turístico galego e das materias que se impartan. O finalizar o curso, os asistentes poderán poñer en práctica o aprendido, xa que cada alumno traballará con información de seu propio negocio, o que lle permitirá a súa inmediata implementación.

Para esta edición celebraranse 8 cursos nas principais cidades galegas onde se impartirá o mesmo curso, facilitando cos asistentes no teñan que facer grandes desprazamentos e que o número de cursos a impartir non sexa excesivo.

A data de celebración será a finais do mes de setembro e o longo do mes de outubro e contarán cun número máximo de 20 alumnos.

A temática estará enfocada o coñecemento dos canles de comercialización no sector turístico, os procesos de preparación da comercialización e as accións de negociación e venda.

Segunda.- Orzamento e financiamento

Nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016 na aplicación 04 A2 761A 743.0 “Transferencias a Fundacións públicas”, recollese o Proxecto 2015 00004 “Plan de zona das zonas rurais”.

O orzamento estimado para a celebración do Turexpo Galicia 2016 V Salón Turístico de Galicia ascende a **cento oitenta e oito mil euros (188.000,00 €)** que se distribúen como se sinala a continuación por cada unha das actuacións establecidas na cláusula primeira.

O orzamento estimado para a primeira actuación ascende a cen mil euros (100.000 €) que se distribúen deste xeito :

Conceptos	Custos
Transporte, manutención, e aloxamento dos asistentes a bolsa de contratación turística	42.000 €
Promoción e publicidade	25.000 €
Montaxes da zona expositiva e bolsa de contratación turística	20.000 €
Loxística diversa da bolsa de contratación	7.000 €
Servizo de seguridade	2.500 €
Servizo de limpeza	2.500 €
Gastos de desprazamentos e manutención do persoal da Fundación	1.000 €
Total:	100.000 €

O orzamento estimado para a segunda actuación ascende a cincuenta mil euros (50.000 €) que se distribúen do deste xeito :

Conceptos	Custos
Transporte e manutención dos participante	22.000 €
Montaxes da zona expositiva	20.000 €
Promoción e publicidade	5.000 €
Loxística diversa	1.500 €
Servizo de limpeza	1.000 €
Servizo de seguridade	500 €
Total:	50.000 €

O orzamento estimado para a terceira actuación ascende a trinta e oito mil euros (38.000 €) que se distribúen do deste xeito:

Conceptos	Custos
Honorarios e desprazamentos do profesorado	20.000 €
Secretaría técnica	11.000 €
Material didáctico e documentación para os asistentes	3.000 €
Aluger e equipamento das aulas	2.000 €
Material promocional e mailing	2.000 €
Total:	38.000 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia, financiará a contía de 170.000 €. A contía restante para completar o orzamento correspóndelle achegala á Fundación. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións só cubrirá o custo da realización da actividade sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Terceira.- Obrigas da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 170.000 €. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.743.0 “Transferencias a Fundacións públicas”, dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir a Fundación no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que a Fundación achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

Cuarta.- Obrigas da Fundación

A Fundación comprométese a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- 3.-Incluír en todos os materiais utilizados na difusión e información das actuacións obxecto deste convenio os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable e das dúas administracións de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa, segundo se establece no anexo 2 do Convenio específico entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos planes de zona das súas zonas rurais (BOE núm. 139, do 11 de xuño de 2012).
- 4-. Así mesmo con anterioridade á sinatura do convenio, a Fundación presentará unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

5- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.

6- Executar o orzamento do custo do proxecto na contía de 188.000 € e xustificalo.

7- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Quinta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Sexta.- Xustificación e libramento dos fondos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento.

c) Declaración de outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) De se lo caso, os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

A Fundación presentará así mesmo as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Fundación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao exercicio 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 31 de outubro de 2016.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total do orzamento estimado para cada unha das actuacións.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 50%, de conformidade co disposto no artigo 63.1 Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Para proceder ao seu pagamento, a Fundación deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Fundación está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de

Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado por a Fundación e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia- Axencia Turismo de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de outubro de 2016, e financiará gastos correspondentes ás actuacións desenvolvidas para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

Décima primeira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais do incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan:

- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.
- Transcurso do tempo de vixencia estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

- As causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En caso de resolución anticipada procederá, no seu caso, o aboamento do importe que proporcionalmente corresponda aos gastos xustificadas, sempre que se acaden os obxectivos para os que se concedeu a subvención.

Décimo segunda.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Axencia Turismo de Galicia informará na súa páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes intervenientes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente expresamente no seu artigo 4, apartado c). As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral

de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e demais normativa que sexa de aplicación.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

A Directora de Turismo de Galicia

O Vicepresidente da Xunta de Galicia,
Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza e
Presidente da Fundación Semana Verde
de Galicia

María Nava Castro Domínguez